

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

12618 *Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.*

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, inclúe a reforma da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

O artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, derivado da reforma anterior, regula o contido do visado e a responsabilidade do colexio profesional derivada do exercicio da súa función de visado, e configura o visado como un instrumento voluntario, aínda que outorga ao Goberno a potestade de establecer os traballos profesionais que exixirán visado obrigatorio atendendo á necesaria existencia dunha relación de causalidade directa entre o traballo profesional e a afectación á integridade física e seguridade das persoas, e á acreditación de que o visado é o medio de control máis proporcionado.

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, prevé, na súa disposición derradeira terceira, unha autorización ao Goberno para que dite as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei. Ademais, a disposición transitoria terceira da mesma lei prevé que, no prazo máximo de catro meses desde a súa entrada en vigor, o Goberno aprobará un real decreto que estableza os visados que serán exixibles de acordo co previsto no artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro. Finalmente, a Lei 2/1974, na súa disposición derradeira, autoriza o Goberno para ditar as disposicións necesarias para a aplicación da dita lei.

De acordo coa habilitación legal prevista nas leis 25/2009, do 22 de decembro, e 2/1974, do 13 de febreiro, e en cumprimento do previsto no artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, adóptase este real decreto, no cal se determinan os traballos profesionais que, por quedar acreditada a súa necesidade e proporcionalidade entre outras alternativas posibles, obrigatoriamente deben obter o visado colexial, como excepción á liberdade de elección do cliente.

En cada un dos traballos mencionados no artigo 2 deste real decreto quedou acreditada a necesidade de que estea sometido obrigatoriamente ao visado colexial por existir unha relación de causalidade directa entre o traballo profesional e a afectación á integridade física e seguridade das persoas, e a súa proporcionalidade por resultar o visado o medio de control máis proporcionado, tendo en conta os distintos instrumentos de control posibles.

Na ponderación desa necesidade e proporcionalidade, tívose presente a situación actual dos medios de control, moi superiores aos existentes en 1931, momento no cal foi instituído o visado colexial como un instrumento de control polos colexios profesionais para determinadas obras. Así, cóntase con profesionais cunha excelente preparación e conscientes da súa responsabilidade; cunha mellor regulación das actividades económicas, en especial daquelas que incorporan maiores riscos; con normativa de seguridade no traballo ou de seguridade industrial, inexistente décadas atrás; con mercados de seguros desenvolvidos; con entidades que realizan labores de certificación e control; con administracións públicas que incorporan crecentemente as novas tecnoloxías e unha maior eficacia na súa actuación supervisora, e tamén cun sistema legal e institucional de defensa do consumidor que se desenvolveu nas últimas décadas. En definitiva, a calidade dos traballos profesionais conta con plenas garantías que, ademais, se intensifican coas reformas levadas a cabo, por exemplo, ao regular que os colexios deban manter un rexistro actualizado de profesionais colexiados, accesible aos usuarios, ou dispoñer dun servizo de atención aos consumidores.

O disposto neste real decreto non obsta para que poidan existir outros traballos profesionais que se sometan a visado colexial cando así o solicite voluntariamente o cliente, incluída a Administración pública cando actúe como tal.

Por outra parte, cabe destacar que o previsto na Lei 25/2009, do 22 de decembro, e o establecido neste real decreto que se dita para o seu desenvolvemento, non afecta a capacidade que teñen as administracións públicas, en exercicio da súa autonomía organizativa e no ámbito das súas competencias, para decidiren, caso por caso, para un mellor cumprimento das súas funcións, estableceren cos colexios profesionais ou outras entidades os convenios ou contrataren os servizos de comprobación documental, técnica ou sobre o cumprimento da normativa aplicable que consideren necesarios relativos aos traballos profesionais.

A norma componse de sete artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras. No articulado establécese o obxecto deste real decreto, que é establecer os traballos profesionais que obrigatoriamente deben obter o visado dun colexio profesional, así como concretar o réxime xurídico aplicable aos casos de visado obrigatorio. O artigo 2 establece, con carácter exclusivo e excluínate, cales son os traballos profesionais concretos que teñen que obter obrigatoriamente o visado colexial, de acordo cos criterios de necesidade, por existir unha relación de causalidade directa coa seguridade ou integridade física das persoas, e proporcionalidade, que exige o artigo 13 da Lei sobre colexios profesionais.

O artigo 3 establece o visado único aínda que o traballo se desenvolva en proxectos parciais, mentres que o artigo 4 establece como excepción á obriga de visar o caso en que o traballo profesional se deba presentar ante a oficina de supervisión de proxectos da Administración pública competente. Pola súa parte, o artigo 5 identifica o colexio competente para visar en cada caso e o artigo 6 regula a forma en que se debe exercer a función de visado cando este é obrigatorio.

Finalmente, o artigo 7 prevé a libre prestación de servizos dos profesionais comunitarios, que cando exerzan en España en réxime de libre prestación de servizos deberán visar os seus traballos nos mesmos casos e condicións que os españois.

A disposición adicional establece que a Administración xeral do Estado non solicitará o visado colexial cando actúe como cliente. A disposición transitoria refírese ás solicitudes de visado xa presentadas. A disposición derogatoria refírese ás normas que se poidan opoñer á regulación do visado contida no real decreto, incluídas as normas das corporacións colexiais. Entre as disposicións derradeiras inclúese unha previsión de que a listaxe de traballos sometidos a visado obrigatorio se poida actualizar por cambios que afecten a valoración da necesidade e proporcionalidade desta exixencia, logo de informe das comunidades autónomas.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, os colexios profesionais, o Consello de Consumidores e Usuarios, a Comisión Nacional de Administración Local, a Federación Española de Municipios e Provincias, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e a Comisión Nacional da Competencia.

Este real decreto ten carácter básico en virtude do artigo 149.1.18ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas, por referirse ao visado, función pública propia dos colexios como corporacións de dereito público, e en virtude do artigo 149.1.13ª, pola especial transcendencia económica que ten o uso deste instrumento no sector dos servizos profesionais.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver o previsto no artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, que regula o visado colexial. En particular,

establece os traballos profesionais que se deben someter a visado colexial obrigatorio, en aplicación dos criterios de necesidade, por afectar directamente a integridade física e a seguridade das persoas, e proporcionalidade, por resultar o visado o medio de control máis proporcionado. Así mesmo, concreta o réxime xurídico aplicable aos casos de visado obrigatorio.

Artigo 2. *Visados obrigatorios.*

É obrigatorio obter o visado colexial unicamente sobre os traballos profesionais seguintes:

a) Proxecto de execución de edificación. Para estes efectos entenderase por edificación o previsto no artigo 2.1 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. A obriga de visado alcanza aquelas obras que requiran proxecto de acordo co artigo 2.2 da dita lei.

b) Certificado de final de obra de edificación, que incluíra a documentación prevista no anexo II.3.3 do Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación. Para estes efectos, entenderase por edificación o previsto no artigo 2.1 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. A obriga de visado alcanza aquelas obras que requiran proxecto de acordo co artigo 2.2 da dita lei.

c) Proxecto de execución de edificación e certificado final de obra que, se é o caso, deban ser achegados nos procedementos administrativos de legalización de obras de edificación, de acordo coa normativa urbanística aplicable.

d) Proxecto de demolición de edificacións que non requira o uso de explosivos, de acordo co previsto na normativa urbanística aplicable.

e) Proxecto de voaduras especiais previsto no artigo 151 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobado polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril.

f) Proxectos técnicos de establecemento, traslado e modificación substancial dunha fábrica de explosivos, previstos, respectivamente, nos artigos 33, 34 e 35 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

g) Proxectos técnicos de instalación e modificación substancial de depósitos comerciais e de consumo de materias explosivas, previstos, respectivamente, nos artigos 155 e 156 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

h) Proxectos de establecemento de talleres de cartuchería e pirotécnica e de depósitos non integrados neles, previstos nos artigos 25, 29, 69, 70 e 71 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, aprobado polo Real decreto 563/2010, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

i) Proxectos de aproveitamentos de recursos mineiros das seccións C) e D), previstos nos artigos 85 e 89 do Regulamento xeral para o réxime da minaría, aprobado polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto.

Artigo 3. *Visado de traballos con proxectos parciais.*

Para cumprir a obriga prevista no artigo 2 abondará con que os traballos profesionais recollidos no mencionado artigo, aínda que se desenvolvan ou completen mediante proxectos parciais e outros documentos técnicos, estean visados unha soa vez e por un só colexio profesional, que deberá ser o competente na materia principal do traballo de acordo co previsto no artigo 5, sen que sexa necesario o visado parcial dos documentos que formen parte deles.

Artigo 4. *Excepcións aos casos de visado obrigatorio.*

1. Cando, en aplicación da normativa sobre contratación pública, algún dos traballos previstos no artigo 2 sexa obxecto de informe da oficina de supervisión de proxectos, ou órgano equivalente, da Administración pública competente, non será necesaria a obtención

previa do visado colexial. O dito informe abondará para efectos do cumprimento da obriga de obtención do visado colexial.

2. Así mesmo, as administracións públicas contratantes poderán eximir da obriga de visado os traballos obxecto dun contrato do sector público que non se encontren no suposto do punto anterior, cando a través dos seus procesos de contratación, de conformidade coas normas que os regulan, realicen a comprobación da identidade e habilitación profesional do autor do traballo e da corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional de acordo coa normativa aplicable.

Artigo 5. Colexio profesional competente para visar os traballos profesionais.

1. Para a obtención do visado colexial obrigatorio de conformidade co previsto no artigo 2, o profesional asinante do traballo dirixirase ao colexio profesional competente na materia principal do traballo profesional, que será a que exerza o profesional responsable do conxunto do traballo. Cando haxa varios colexios profesionais competentes na materia, o profesional poderá obter o visado en calquera deles.

Para estes efectos, enténdese que nos certificados finais de obra de edificación mencionados nas letras b) e c) do artigo 2 a materia principal comprende a dirección de obra e a dirección de execución de obra, polo que abondará o visado dun colexio profesional competente en calquera destas materias.

2. Cando unha organización colexial se estructure en colexios profesionais de ámbito inferior ao nacional, o profesional asinante do traballo cuxo visado sexa obrigatorio poderá obter o visado en calquera deles. Cando o profesional solicite o visado nun colexio distinto ao de adscrición, os colexios poderán utilizar os oportunos mecanismos de comunicación e os sistemas de cooperación administrativa previstos na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

Artigo 6. Exercicio da función de visado polos colexios profesionais.

1. A función de visar traballos profesionais, cando sexan obrigatorios, será exercida directamente polo colexio profesional baixo a súa responsabilidade.

2. Cando un traballo profesional estea sometido a visado obrigatorio, este deberá obterse antes de presentalo, se é o caso, ante a Administración pública competente. En ningún caso será posible o visado posterior a esa presentación.

3. Unicamente se poderá denegar o visado obrigatorio por razón de non estar colexiado cando, de acordo co previsto no artigo 3.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, a colexiación sexa obrigatoria para a realización dese traballo profesional.

Artigo 7. Libre prestación de servizos de profesionais comunitarios.

1. Os profesionais establecidos en calquera outro Estado membro da Unión Europea deberán visar os seus traballos profesionais, cando presten servizos en España en réxime de libre prestación sen establecemento, nos mesmos termos que os profesionais españois, de acordo co previsto neste real decreto.

2. Cando a realización do traballo profesional estea sometida a visado obrigatorio abondará, para efectos de acreditación da identidade e habilitación do autor do traballo que debe realizar o colexio para visar, a comunicación que o profesional realizase con motivo do seu desprazamento, de acordo co previsto na normativa sobre recoñecemento de cualificacións profesionais.

Disposición adicional única. Regra aplicable á Administración xeral do Estado sobre visados non obrigatorios.

Para os traballos profesionais distintos dos previstos no artigo 2 que formen parte do obxecto dun contrato coa Administración xeral do Estado, os seus órganos de contratación non exixirán o visado colexial. Non obstante, por acordo do Consello de Ministros poderanse

prever excepcións a esta regra por razóns debidamente xustificadas, de acordo cos principios de necesidade e proporcionalidade.

Disposición transitoria única. *Visados solicitados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

Os traballos profesionais para os cales, antes da entrada en vigor deste real decreto, se presentase formalmente a solicitude de visado ante o colexio profesional competente, rexeranse pola normativa vixente no momento de presentación da dita solicitude.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións incluídas en normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, as que establezan, de calquera forma, a existencia dun visado colexial obrigatorio sobre traballos profesionais distintos dos referidos no artigo 2 deste real decreto.

2. Así mesmo, quedan derogadas as disposicións relativas ao visado incluídas nos estatutos de corporacións colexiais e demais normas internas colexiais, naquilo en que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro dos artigos 149.1.18ª e 149.1.13ª da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e para establecer as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Estudo sobre a vixencia da necesidade e proporcionalidade das exixencias de visado colexial obrigatorio.*

O Ministerio de Economía e Facenda presentará á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, antes de que se cumpran os tres anos de entrada en vigor deste real decreto, un estudo sobre a conveniencia de actualizar a relación de traballos profesionais sometidos a visado obrigatorio contida no artigo 2. Para iso, deberá valorar se se produciron cambios nas circunstancias técnicas e organizativas que aconsellen modificar a apreciación da concorrencia dos criterios legais de necesidade e proporcionalidade. Para realizar esa valoración contará coa colaboración dos ministerios competentes nas materias correspondentes e consultará preceptivamente coas comunidades autónomas, que poderán realizar cantas achegas e suxestións consideren oportunas. Así mesmo, solicitará as consideracións que poidan realizar os colexios profesionais.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de outubro de 2010.

Dado en Madrid o 5 de agosto de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ